

# VIEIROS

Edición xeral

No Lombo do Atlántico

## De mares pequenos e grandes da man de Xabier Paz

O relato deste venres tráenos refáchos dunha infancia a pé de mar por terras da Mariña luguesa.

Redacción - 11:25 29/08/2008

"Os veráns dos anos postremeiros da nenez fôron máis veráns que os das outras vidas. Os vós non?". Así nos convida Xabier Paz, biólogo pesqueiro e escritor, a un percorrido literario até as terras entre San Cosme de Barreiros e Foz, o Masma, o areal d'A Pena do Altar ou a praia de San Bartolo. A súa proposta, [Mar Pequeno e Mar Grande](#), unha entrega máis do especial deste verán en Vieiros.

[No lombo do Atlántico](#) poden ler se non o fixeron xa as pezas literarias de Suso de Toro, Alexandre Nerium, Luisa Castro, Marta Dacosta, Neira Vilas, Xurxo Souto, Pilar Beiro e Rexina Vega.